

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

3446 *ORDE SCO/495/2006, do 22 de febreiro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 294/2003, do 7 de marzo, polo que se establecen os métodos de toma de mostras e de análises para o control oficial do contido de ocratoxina A en cereais e uvas pasas. («BOE» 50, do 28-2-2006.)*

O Regulamento (CE) n.º 123/2005 da Comisión, do 26 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 466/2001 con respecto á ocratoxina A, establece límites máximos de ocratoxina A en cereais e derivados, uvas pasas, café, viño, zume de uva, alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade, e alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais dirixidos especificamente aos lactantes.

O Real decreto 294/2003, do 7 de marzo, polo que se establecen os métodos de toma de mostras e de análises para o control oficial do contido de ocratoxina A en cereais e uvas pasas, é consecuencia da transposición da Directiva 2002/26/CE da Comisión, do 13 de marzo de 2002, pola que se fixan os métodos de toma de mostras e de análises para o control oficial do contido de ocratoxina A nos produtos alimenticios, e non establece os requisitos de mostraxe e análises de ocratoxina A en café, viño e zume de uva.

A Directiva 2005/5/CE da Comisión, do 26 de xaneiro de 2005, pola que se modifica a Directiva 2002/26/CE con respecto aos métodos de toma de mostras e de análises para o control oficial do contido de ocratoxina A en determinados produtos alimenticios, establece os procedementos de mostraxe e análises de ocratoxina A no café, viño e zume de uva e modifica algúns aspectos da mostraxe de cereais e produtos derivados de cereais.

Esta orde incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2005/5/CE da Comisión, do 26 de xaneiro de 2005.

Na súa tramitación foron oídos os sectores afectados, consultadas as comunidades autónomas e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta orde dítase de conformidade co establecido na disposición derradeira segunda do Real decreto 294/2003, do 7 de marzo.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo I do Real decreto 294/2003, do 7 de marzo, polo que se establecen os métodos de toma de mostras e de análises para o control oficial do contido de ocratoxina A en cereais e uvas pasas.*

O punto 4 do anexo I do Real decreto 294/2003, do 7 de marzo, polo que se establecen os métodos de toma de mostras e de análises para o control oficial do contido de

ocratoxina A en cereais e uvas pasas, queda redactado nos termos que se recollen no anexo desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde trasponse ao dereito español a Directiva 2005/5/CE da Comisión, do 26 de xaneiro de 2005, pola que se modifica a Directiva 2002/26/CE con respecto aos métodos de toma de mostras e de análises para o control oficial do contido de ocratoxina A en determinados produtos alimenticios.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de febreiro de 2006.

SALGADO MÉNDEZ

ANEXO

Modificación do anexo I do Real decreto 294/2003, do 7 de marzo

O punto 4 do anexo I do Real decreto 294/2003, do 7 de marzo, substitúese polo seguinte:

«4. Disposicións específicas.

a) Distintos tipos de lotes:

1.º Os produtos alimenticios pódense comercializar a granel, en contedores, envases individuais (sacos, bolsas, envases para a venda polo miúdo, etc.). O procedemento de mostraxe poderase aplicar ás distintas formas en que se comercialicen os produtos.

2.º Para a mostraxe dos lotes comercializados en envases individuais (sacos, bolsas, envases para a venda retalista, etc.) e sen prexuízo das disposicións específicas dos puntos 4.c), 4.d) e 4.e) deste anexo, a fórmula seguinte pódese utilizar como guía:

$$\text{Frecuencia de mostraxe (FM) } n = \frac{\text{Peso do lote} \times \text{Peso da mostra elemental}}{\text{Peso da mostra global} \times \text{Peso dun envase individual}}$$

Peso: expresado en kg.

Frecuencia de mostraxe: cada número "n" de envases individuais dos cales se tomará unha mostra elemental (os decimais redondearanse ao número enteiro máis próximo).

b) Peso da mostra elemental:

O peso da mostra elemental será de 100 gramos, aproximadamente, salvo que se indique o contrario neste anexo. No caso dos lotes que se presentan en envases para a venda retalista, o peso da mostra elemental axustarase co número de envases suficiente para o efecto de constituir unha mostra elemental próxima a 100 gramos.

c) Resumo xeral do método de mostraxe para os cereais, as uvas pasas e o café tostado:

CADRO 1

Subdivisión dos lotes en sublotos en función do produto e do peso do lote

Produto	Peso do lote (toneladas)	Peso ou número dos sublotos	Número de mostras elementais	Peso da mostra global (kg)
Cereais e produtos derivados dos cereais.	$\geq 1\ 500$	500 toneladas	100	10
	> 300 e $< 1\ 500$	3 sublotos	100	10
	≥ 50 e ≤ 300	100 toneladas	100	10
Uvas pasas (pasas de Corinto, sultás e outras variedades de pasas).	< 50	-	3-100 (1)	1-10
	≥ 15	15-30 toneladas	100	10
Café tostado en gran, café tostado moído e café soluble.	< 15	-	10-100 (2)	1-10
	15	15-30 toneladas	100	10
	< 15	-	10-100 (2)	1-10

(1) Segundo o peso do lote (véxase o cadro 2 deste anexo).

(2) Segundo o peso do lote (véxase o cadro 3 deste anexo).

d) Método de mostraxe para os cereais e os produtos derivados dos cereais (lotes 50 toneladas) e para o café tostado en gran, o café tostado moído, o café soluble e as uvas pasas (lotes 15 toneladas):

1.º Coa condición de que os sublotos se poidan separar fisicamente, cada lote debe subdividirse en sublotos segundo o cadro 1. Dado que o peso dos lotes non é sempre múltiplo exacto do peso dos sublotos, o peso dos sublotos pode variar con respecto ao peso indicado nun 20 % como máximo.

2.º Cada sublote debe ser obxecto dunha mostraxe separada.

3.º Número de mostras elementais: 100.

4.º Peso da mostra global = 10 kg.

5.º Cando non sexa posible aplicar o método de toma de mostras anteriormente descrito, polas consecuencias comerciais que derivarían dos posibles danos ocasionados ao lote (por exemplo, debido ás formas de envase ou aos medios de transporte), poderase aplicar un método alternativo de toma de mostras, coa condición de que a mostraxe sexa o máis representativa posible e de que o método aplicado estea pormenorizadamente descrito e solidamente documentado.

e) Método de mostraxe para os cereais e produtos derivados dos cereais (lotes < 50 toneladas), o café tostado en gran, café tostado moído, café soluble e uvas pasas (lotes < 15 toneladas):

1.º Para lotes de cereais de peso inferior a 50 toneladas, lotes de café tostado en gran, café tostado moído, café soluble e uvas pasas de peso inferior ás 15 toneladas, deben tomarse entre 10 e 100 mostras elementais, en función do peso do lote, que, en conxunto, constitúen unha mostra global de 1 a 10 kg.

2.º Para lotes moi pequenos (0,5 toneladas) de cereais e produtos derivados de cereais, pódese tomar un número menor de mostras elementais, pero o peso da mostra global, que inclúe todas as mostras elementais, deberá ser tamén neste caso de, polo menos, 1 kg.

3.º As cifras dos cadros 2 e 3 pódense utilizar para determinar o número de mostras elementais necesarias.

CADRO 2

Número de mostras elementais que se deben tomar, en función do peso do lote de cereais e produtos derivados dos cereais

Peso do lote (toneladas)	Número de mostras elementais
$\leq 0,05$	3
$> 0,05 - 0,5$	5

Peso do lote (toneladas)	Número de mostras elementais
$> 0,5 - 1$	10
$> 1 - 3$	20
$> 3 - 10$	40
$> 10 - 20$	60
$> 20 - 50$	100

CADRO 3

Número de mostras elementais que se deben tomar, en función do peso do lote de café tostado en gran, café tostado moído, café soluble e uvas pasas

Peso do lote (toneladas)	Número de mostras elementais
$\leq 0,1$	10
$> 0,1 - 0,2$	15
$> 0,2 - 0,5$	20
$> 0,5 - 1,0$	30
$> 1,0 - 2,0$	40
$> 2,0 - 5,0$	60
$> 5,0 - 10,0$	80
$> 10,0 - 15,0$	100

f) Método de mostraxe para o viño e zume de uva:

1.º A mostra global será de, polo menos, 1 kg, excepto en caso de que non sexa posible, p. ex., cando a mostra sexa unha botella.

2.º O número mínimo de mostras elementais que se deberán tomar do lote será o indicado no cadro 4. O número de mostras elementais determinado depende da forma usual en que se comercializan os produtos en cuestión.

3.º Cando se trate de produtos líquidos a granel, o lote mesturárase ben, na medida do posible e se iso non afecta a calidade do produto, por medios manuais ou mecánicos inmediatamente antes de se proceder á mostraxe. Neste caso supónse unha distribución homoxénea da ocratoxina A nun lote determinado; por tanto, abonará con tomar tres mostras elementais por lote para formar a mostra global.

4.º As mostras elementais, que con frecuencia poden consistir nunha botella ou nun envase, serán dun peso similar. O peso dunha mostra elemental deberá ser de, polo menos, 100 gramos, debendo conseguirse unha mostra global de aproximadamente 1 kg como mínimo.

Toda excepción a esta norma deberase sinalar na acta establecida no punto 3.i).

CADRO 4

Número mínimo de mostras elementais que se deben tomar do lote

Forma de comercialización	Peso do lote (litros)	Número mínimo de mostras elementais que se deben tomar
A granel (zume de uva, viño) . .	–	3
Botellas/envases de zume de uva	≤ 50	3
Botellas/envases de zume de uva	50 a 500	5
Botellas/envases de zume de uva	> 500	10
Botellas/envases de viño . . .	≤ 50	1
Botellas/envases de viño . . .	50 a 500	2
Botellas/envases de viño . . .	> 500	3

g) Método de mostraxe para os alimentos destinados a lactantes e nenos de curta idade:

Aplicarase o método de mostraxe para os cereais e os produtos derivados dos cereais establecido no punto 4.e) deste anexo. Isto significa que o número de mostras elementais que se deben tomar dependerá do peso do lote, cun mínimo de 10 e un máximo de 100, de conformidade co cadro 2 do punto 4.e).

1.º O peso da mostra elemental será de 100 gramos, aproximadamente. No caso dos lotes que se presentan en envases para a venda retalista, o peso da mostra elemental dependerá do peso do envase.

2.º Peso da mostra global = 1-10 kg, groseiramente mesturada.

h) Mostraxe na fase de comercio retalista:

A mostraxe dos produtos alimenticios na fase de comercio retalista débese realizar, sempre que sexa posible, de conformidade coas disposicións para a mostraxe mencionadas anteriormente. No caso de que non sexa posible, poderanse aplicar outros métodos de mostraxe eficaces, sempre que garantan unha representatividade suficiente do lote obxecto de mostraxe.»